

guía

DE LECTURA



TAMBRE

ALA DELTA 

A rapaza da fiestra

Xavier Estévez

TAMBRE EDELVIVES



A obra

Título **A rapaza da fiestra** / Autor **Xavier Estévez** / Ilustrador **Fernando Llorente** / ADV, 28 / 123 páxinas

O autor

Xavier Estévez naceu en Bélxica, aínda que a súa vida está ligada a Vigo. É profesor de ensino primario e un gran apaixonado da radio. Desde pequeno escribe historias con todas as aventuras que sempre quixo vivir. Nesta mesma colección publicou *A lenda do rei Lobo* (ADV, 23).

Argumento

Lucas é un neno que vive en Ámsterdam durante a ocupación nazi. El está enfermo e os seus pais regálanlle un telescopio. Mirando pola fiestra observa a través do telescopio unha rapaza nunha vella fábrica de marmeladas. A rapaza e el empezan a falar todos os días á mesma hora. A rapaza chámase Ana Frank e a súa existencia debe ser un segredo. Lucas promete non dicir nada, xa que ela é xudía e o exército alemán persegue e deporta os xudeus dos Países Baixos. Un día o seu pai confesa que agocha dous no faiado; un veciño denuncia, pero, cando a policía entra, os cativos xa están a salvo na casa da avoa de Lucas. Finalmente, Ana e a súa familia son deportados polos alemáns, pero Miep, a señora que lles levaba comida, entrégalle a Lucas aquelas páxinas do diario de Ana que falaban del.

Comentario

A rapaza da fiestra aborda o tema do holocausto xudeu desde unha perspectiva orixinal: escolle como protagonista un neno holandés chamado Lucas, que sofre o racionamento por mor da guerra, pero non a persecución. A través desa perspectiva infantil, introdúcese o asunto do xenocidio do goberno de Hitler que culminou coa morte duns seis millóns de xudeus.

Na novela, o imaxinario e o real mestúranse convenientemente para que os feitos casen. Fálase de Ana Frank e transmítesenos a idea de que no seu diario escribiu sobre Lucas, nun final aberto e inesperado, pero non por iso menos crible. A obra denuncia e criminaliza o exterminio nazi, enalzando do mesmo

xeito o valor da solidariedade e o compromiso cos principios individuais. Os protagonistas non permanecen inmóbiles ante a represión, senón que arriscan incluso a súa propia integridade ante un goberno inxusto. A natureza curiosa dos cativos está magnificamente resolta na novela, ao igual que o misterio que potencia a súa imaxinación. A novela está construída linealmente en terceira persoa e adobiada con innumerables descrições que contribúen a dar o aspecto decadente e de escaseza de bens nun tempo marcado pola guerra. A riqueza do léxico cotiá axuda a definir os espazos onde ten lugar a trama.

Temas

- O valor da solidariedade e do rexeitamento da violencia.
- O respecto aos demais e á diversidade.
- Revisión dun feito importante da historia.

Reflexións

Coñecer a Segunda Guerra Mundial e outros sucesos bélicos e históricos no século xx é fundamental para evitar que se volvan producir. Esta novela achega esa temática dun xeito natural, sen incidir en exceso na persecución e no horror da época. Aproxímanos a unha realidade que nos queda moi distante e traballa de forma indirecta prexuízos, combatendo así a xenofobia e incidindo na solidariedade entre as persoas. Presenta unha familia comprometida, que arrisca a súa integridade en beneficio da comunidade, que non se deixa vencer polo medo e que contribúe no que pode.




1. O telescopio de Lucas

Que podes ver a través dun telescopio? Debuxa o que poderías ver a través deste aparello desde a fiestra do teu cuarto. Se non hai nubes, que astros serías quen de ver?

Debuxa algunha constelación de estrelas que aprecies nunha noite clara.

Na páxina 9 aparece un telescopio. Quen o inventou?



Actividades de afondamento

1. Os recordos dos nenos xudeus

Acabou a guerra e os nenos que o pai de Lucas salvou escribenlle unha carta de agradecemento a Lucas. Como sería o recordo dos nenos daqueles días na casa da avoa?

2. As guerras mundiais

Que países participaron na Segunda Guerra Mundial? Indaga sobre a orixe do conflito e sobre o holocausto xudeu.

Investiga na biblioteca sobre Ana Frank e a súa familia, entra en internet e visita a páxina do seu museo.

Expón as diferenzas que existen entre a Primeira e a Segunda Guerra Mundial.

| Primeira Guerra Mundial | Segunda Guerra Mundial |
|-------------------------|------------------------|
| | |



1. Dez cousas que podes facer ti

Lucas e a súa familia teñen un gran respecto polas persoas, pero non fai falta que haxa unha guerra para defender a igualdade entre nós. Na vida diaria podemos ser solidarios e axudar con pequenos xestos. Anota dez actividades coas que poderías axudar a outras persoas.

1.
2.
3.
4.
5.
6.
7.
8.
9.
10.

2. Vivir durante unha guerra

Ao final da obra, Lucas le as derradeiras follas do diario de Ana e sente unha ledicia que lle medra por dentro. Por que cres que Lucas sente ledicia se acaban de deter a súa amiga? Por que cres que Ana escribe o diario? Que motivos pensas que ten?

Cres que os libros ou a escritura poden conducirte a novos mundos? Podes soñar coa liberdade? É bo ter esperanza?

Que libros che fixeron soñar? Reflexiona cos teus compañeiros sobre as guerras e sobre como evitalas.


1. A túa aventura

Acabas de vivir, por medio de distintos personaxes do libro, unha historia ambientada na Segunda Guerra Mundial.

Constrúe un novo mundo para Ana, un novo final en que escape da opresión nazi e se produza un reencontro cun Lucas xa adulto.

Debúxaos ao carón do carballo, colle papel e lapis e deixa voar a túa imaxinación.

Vive como se foses Ana e non te esquezas de ilustrala!



2. Esquema sobre a Segunda Guerra Mundial

Fai un esquema cronolóxico sobre a Segunda Guerra Mundial. Busca información nos libros de divulgación da túa casa, no teu libro de texto, na biblioteca do colexio, na biblioteca pública que teñas máis preto ou en internet. Copia ou resume o máis relevante do que leas, ou simplemente o que máis che interese. Non esquezas achegar fotografías. Podes recortalas despois de imprimilas. Se es curioso, podes facer un traballo que che axudará a memorizar sen te decatarse!



Suxestión de actividades

Actividades de aproximación

Coas propostas que aparecen baixo este epígrafe preténdese presentar o libro dunha maneira lúdica que estimule a lectura.

- **Que opinas da xente doutras razas ou culturas?**

Antes de iniciar a lectura da novela pedirémoslles aos alumnos ou alumnas que respondan esta cuestión: «Que opinas da xente doutras razas ou culturas?». É unha pregunta que nos poden facer en calquera momento, pero que nos vai ser de moita utilidade.

Hai que insistir en que deben opinar con liberdade segundo as súas propias experiencias.

Actividades de afondamento

Neste bloque de suxestións atoparemos actividades que podemos ir presentando na aula a medida que os nosos alumnos e alumnas lean o libro.

- **A paz.** Mentres lemos a historia, comprendemos o terror e os efectos devastadores das guerras: as penurias, a fame, a persecución de inocentes, a represión. Pedirémoslles os alumnos e alumnas que extraian aquelas situacións de inxustiza ou violencia que se reflicten no libro, á vez que as contrapoñan con valores como o de solidariedade, esperanza, liberdade e confianza.

Podemos completar a iniciativa animándoos para que propoñan solucións ou accións que poidan promover un cambio positivo na sociedade actual.

- **A estrela amarela.** Na novela fálase dunha estrela amarela na roupa, dunha rapaza no autobús, dos nenos do colexio que deixaron de rir. Investiga cal é o significado desa estrela e o porqué da escolla desa simboloxía. Que outros símbolos existen na actualidade?

Actividades de peche

Unha vez que os alumnos e alumnas rematen de ler o libro, tamén podemos suxerir actividades.

- **Debate sobre o racismo e a diversidade.** No libro reflíctese un feito histórico que consistiu no intento de exterminio dunha etnia, a xudía, por parte dos nazis. Moitos cidadáns non compartían a persecución á que eran sometidos, pero non fixeron nada para salvarlos. A lectura do libro serviranos para debater sobre o poder do medo, a súa relación co silencio, a complicidade e sobre a xenofobia.
- **Muller/home.** Cres que o xénero é un factor que ter en conta? Cres que nos conflitos armados as mulleres e os homes teñen o mesmo papel? E os nenos? Samuel e moitos compañeiros de colexio de Lucas deixan de rir no momento en que as estrelas amarelas fan presenza na escola. As guerras provocan desigualdades entre os máis desiguais. Cando se produce unha guerra as responsabilidades de mando na maioría dos casos recaen nos homes. As responsabilidades dos comportamentos machistas cres que recaen só nos homes?



Solucionario

Enderezo electrónico da casa museo de Ana Frank: <http://www.annefrank.org/es/>

Fragmentos especiais

Todo o mundo atribúe a invención do telescopio a Hans Lippershey. Pero Lucas estaba de acordo con aquel libro que collera na biblioteca: o nacemento do telescopio sucedeu na noite en que Galileo decidira elevar a vista con el cara ás estrelas.


Que sensación sería observar a Lúa de preto por vez primeira!

O rapaz sorriu tentando imaxinar a face sorprendida de Galileo ao descubrir no satélite cráteres e montañas. Todo un mundo irreal e solitario amecendo na ollada dun único home. Sentíriase privilegiado, un viaxeiro en terras afastadas e inexploradas. Todo o universo abrollaba a través dunha lente para el, soamente para el.

E despois habería máis exploradores. Descubríronse planetas e estrelas que foron bautizados con nomes que a Lucas lle resultaban atraentes coma un irmán.

Halley estudaba un cometa, Schiaparelli debuxaba os canais de Marte... Se cadra algún día os homes conseguirían saír fóra e ver todo aquilo cos seus propios ollos.

(Páx. 74)



Queres a Guía de Lectura doutro Ala Delta?
Solicítala en: info@edelvives.es

Querida Kitty:

Nunca pensei que diría algo así, e menos despois do dura que foi a vida na casa de atrás todos estes meses, pero os ventos da guerra trouxeron algo bo ata a praia: a Lucas!

Éncheme de ledicia co seu corazón puro e inocente!

Sinto que axiña haberá un novo amencer, que volver comezar será posible. Soño que o pesadelo remata e que unha tarde sentaremos no carballo a comer chocolate e a rir. Imaxino que saír ao campo de noite a ver as estrelas zarrapicar o firmamento, e a compartir con el a tranquilidade do próximo verán...

(Páx. 102)